

**ACTA Nº 2018/6  
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN****- SALÓN DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, XOVES 21 DE XUÑO DE 2018 -**

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario accidental, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

MARIA BEATRIZ BSCYO MACEIRAS

**ASISTEN:**

BNG

IRIA COUCE REGO

MAGIN FERNANDO LAGO TUIMIL

JOSE MANUEL SOTO SANCHEZ

MIGUEL ANGEL PEDREIRA RODRÍGUEZ

PP

ROCIO LUACES ANTON

JORGE GONZALEZ ANEIROS

**AUSENCIAS:**

AQUILINO SUEIRAS DOPICO

XULIO CRIBEIRO GARCIA

**SECRETARIO ACCIDENTAL:**

ANTONIO GARCIA MENDEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a sra. alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA****1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores, ordinaria de 19 de abril de 2018 e extraordinaria de 15 de maio de 2018.**

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, prestou a súa aprobación ás actas das sesións anteriores, ordinaria de 19 de abril de 2018 e extraordinaria de 15 de maio de 2018.

**2.- Dación de contas das resolucións da alcaldía.**

En cumprimento do disposto na normativa vixente, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o 17 de abril e o 18 de xuño de 2018, e que son as que seguen:

Nº Expediente	Decreto	Nº Decreto	Data sinatura
2018/G003/000080	CONCESION DIA DE ASUNTOS PARTICULARES	00077/2018	18/04/2018
2018/G003/000081	SOLICITUDE USO LOCAL SOCIAL DE ABADE PARA A CELEBRACION DUN OBRADOIRO DE RECICLAXE DE BOTELLAS	00078/2018	18/04/2018
2018/G003/000082	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA SUBSTITUCIÓN CUBERTA NAVE DE GANDO DA FEIRA EN SAN RAMÓN	00079/2018	19/04/2018
2018/G003/000083	APROBACIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS DA BOLSA DE EMPREGO DE CONDUCTOR OPERARIO E PEÓN DE OBRAS E	00080/2018	24/04/2018

	SERVIZOS MUNICIPAIS		
2018/G003/000084	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00082/2018	25/04/2018
2018/G003/000085	APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO CORRESPONDENTE O EXERCICIO 2017	00081/2018	25/04/2018
2018/G003/000086	NOMEAMENTO TRIBUNAL CUALIFICADOR BOLSA DE EMPREGO CONDUTOR OPERARIO E PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS	00084/2018	25/04/2018
2018/G003/000087	ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACION PARA A INTEGRACION DAS BIBLIOTECAS PUBLICAS MUNICIPAIS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA	00083/2018	25/04/2018
2018/G003/000088	INCORPORACIÓN DE REMANENTES 2/2018		
2018/G003/000089	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERIA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	00085/2018	27/04/2018
2018/G003/000090	TRAMITACIÓN DE DECRETOS		
2018/G003/000091	SOLICITUDE WIFI4EU	00086/2018	27/04/2018
2018/G003/000092	APROBACION DA LIQUIDACION DO PRESUPOSTO CORRESPONDENTE O EXERCICIO 2017	00090/2018	30/04/2018
2018/G003/000093	AUTORIZACION CELEBRACIÓN FESTA DE SAN MARCOS OS DIAS 28 E 29 DE ABRIL DE 2018	00089/2018	27/04/2018
2018/G003/000094	AUTORIZACION ESPECTACULO PIROTECNICO FESTA DE SAN MARCOS OS DIAS 27,28 E 29 DE ABRIL DE 2018	00088/2018	27/04/2018
2018/G003/000095	APROBACION DO PROXECTO DE "FORMACIÓN DE NOVAS BEIRARRÚAS E REPOSICIÓN DAS EXISTENTES EN BALOCOS"	00087/2018	27/04/2018
2018/G003/000096	BAIXA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00091/2018	02/05/2018
2018/G003/000097	TOMA DE COÑECEMENTO POR PARTE DA CORPORACION MUNICIPAL DOS MEMBROS DA COMISION DE FESTAS DE SAN XIAO E LABACENGOS PARA O ANO 2018	00092/2018	02/05/2018
2018/G003/000098	ALTAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00093/2018	07/05/2018
2018/G003/000099	AUTORIZACIÓN ASUNTO PROPIO	00094/2018	09/05/2018
2018/G003/000100	FORMALIZACION CONTRATO MENOR PARA PRESTACION DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA PISCINA MUNICIPAL DURANTE O VERAN DE 2018	00095/2018	09/05/2018
2018/G003/000101	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR 00096	00096/2018	10/05/2018
2018/G003/000102	FORMALIZACION CONTRATO MENOR MANTEMENTO PISCINA MUNICIPAL VERAN 2018	00097/2018	15/05/2018
2018/G003/000103	SOLICITUDE FESTEXOS EN SAN XIAO-LABACENGOS	00099/2018	16/05/2018
2018/G003/000104	FORMALIZACION CONTRATO MENOR PARA SUBMINISTRO BOMBA PISCINA MUNICIPAL	00098/2018	15/05/2018
2018/G003/000105	AUTORIZACIÓN ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO FESTAS DE SAN XIAO-LABACENGOS	00100/2018	16/05/2018
2018/G003/000106	FORMALIZACION CONTRATO MENOR PRESTACIÓN SERVIZO SOCORRISMO PISCINA MUNICIPAL VERÁN 2018		
2018/G003/000107	AUTORIZACIÓN USO NAVE DE TECIDOS	00101/2018	21/05/2018
2018/G003/000108	CELEBRACIÓN CARREIRA POPULAR DE MOECHE 2018	00102/2018	23/05/2018
2018/G003/000109	CONCESIÓN DE VACACIÓNS	00104/2018	31/05/2018
2018/G003/000110	AUTORIZACIÓN USO LOCAL SOCIAL DE ABADA PARA A	00103/2018	25/05/2018

	CELEBRACIÓN DUN CUMPLEANOS		
2018/G003/000111	APROBACIÓN PROVISIONAL DAS BOLSAS DE TRABAJO PARA A PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DE POSTOS DE CONDUCTOR OPERARIO E PEON DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS	00106/2018	31/05/2018
2018/G003/000112	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN TÉCNICO/A DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DURANTE O VERÁN 2018	00105/2018	31/05/2018
2018/G003/000113	BAIXA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00107/2018	31/05/2018
2018/G003/000114	PRORROGA DO CONTRATO LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DUN TÉCNICO PARA O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA REVOLUCION IRMANDIÑA DO CONCELLO MOECHE	00108/2018	31/05/2018
2018/G003/000115	POS ADICIONAL 1/2018 PAGAMENTO DE FACTURAS DE PROVEDORES	00109/2018	07/06/2018
2018/G003/000116	PROCEDEMENTO CONTRATACIÓN PERSOAL PERCEPTOR DE RISGA	00110/2018	08/06/2018
2018/G003/000117	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00111/2018	11/06/2018
2018/G003/000118	POS + ADICIONAL 2018	00113/2018	11/06/2018
2018/G003/000119	APROBACIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE TRABAJO PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DE POSTOS DE CONDUCTOR OPERARIO E PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS	00112/2018	11/06/2018
2018/G003/000120	ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO MENOR PARA XESTION DO SERVIZO DE BAR E ATENCION DAS INSTALACIONES DA PISCINA MUNICIPAL DURANTE A TEMPORADA 2018 POR RENUNCIA DO ADXUDICATARIO.	00114/2018	12/06/2018
2018/G003/000121	CONTRATACION TEMPORAL DUN PEÓN PARA A REALIZACION DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO CONTROL DE RESIDUOS E REDE DE SANEAMENTO AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DIRIXIDA A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA ( ORDE DO 12/12/2017, DOG NÚM. 9, DO 12 DE XANEIRO)	00115/2018	13/06/2018
2018/G003/000122	APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN PEÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2018	00116/2018	13/06/2018
2018/G003/000123	AUTORIZACIÓN USO LOCAL PEREIRO	00117/2018	15/06/2018

A Corporación queda enterada.

### 3.- Dación de conta da liquidación do orzamento xeral de 2017.

En cumprimento do disposto na normativa vixente, ponse en coñecemento da Corporación a Resolución nº 90/2018, que literalmente di:

**ASUNTO:** APROBACION DA LIQUIDACION DO PRESUPUESTO CORRESPONDENTE O EXERCICIO 2017

**EXPEDIENTE:** 2018/G003/000092

**ANTECEDENTES:**

Visto que con data 14 de marzo de 2018, foi incoado procedemento para aprobar a liquidación do Orzamento do exercicio 2017.

Visto que con data 30 de abril de 2018, foi emitido o Informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

Visto que con data 30 de abril de 2018, foi emitido informe de intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e co art.90.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sobre materia orzamentaria e de conformidade co establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o art 61.1.p) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2017, cos seguintes resultados:

**RESULTADO PRESUPUESTARIO**

CONCEPTOS	DER.REC.NETOS	OBRIG.REC.NETAS	AXUSTES	RESULTADO PRESUPUESTARIO
a)Operacións correntes	1.054.412,94	963.700,10		90.712,84
b)Operacións de capital	560.000,73	668.682,61		-108.681,88
1.Total operacións non financieras (a+b)	1.614.413,67	1.632.382,71		-17.964,04
c)Activos financeiros				
d)Pasivos financeiros	23.975,46			23.975,46
2.Total operacións financieras	23.975,46			23.975,46
RESULTADO PRESUPUESTARIO DO EXERCICIO (1+2)	1.638.389,13	1.632.382,71		6.006,42
AXUSTES				
3.Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais				
4.Desviacións de financiación negativa do exercicio			9.367,22	
5.Desviacións de financiación positivas do exercicio			36.692,47	
II.TOTAL AXUSTES (II=3+4-5)			-27.325,15	
RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO(I+II)				-21.318,73

## REMANENTE DE TESOURERIA

CONCEPTOS	IMPORTES	
		TOTAIS
1. Fondos Líquidos		45.458,26
2. Dereitos Pendientes de cobro		240.003,09
+ Do orzamento corrente	226.288,82	
+ De orzamentos pechados	7.728,60	
+ De operacións orzamentarias	5.985,67	
3. Obrigas pendentes de pagamento		121.862,41
Do orzamento corrente	86.349,20	
Do orzamento pechado		
De operacións non orzamentarias	35.513,21	
4.Partidas pendentes de aplicación		
-cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
+pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I.Remanente de tesoureria total (1+2-3+4)		163.598,94
II. Saldos de Dubidoso cobro		2.984,19
III. Exceso de financiamento afectada		32.329,17
REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)		128.285,58

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primiera sesión que este celebre, de acordo con canto establecen o art. 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO.- Ordenar a remisión de copia de dita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma.

A Corporación queda enterada

#### 4.- Aprobación, se procede, do Plan Local de Infancia e Adolescencia.

Pola Alcaldía presentase a proposta que de seguido se transcribe:

Proposta de aprobación do Plan Local da Infancia e Adolescencia

O Concello de Moeche aprobou en sesión plenaria o 1 de agosto de 2017 presentar a solicitude a UNICEF Comité Español o inicio dos trámites para a obtención do Selo de Recoñecemento Cidade da Infancia.

O pasado 7 de maio o Concello de Moeche presentou o Plan Local da Infancia e Adolescencia ante UNICEF Comité Español, xunto co informe diagnóstico, elaborados por funcionariado municipal e baseado nas propostas presentadas poloes nenos e nenas de Moeche ante o Concello nas diferentes reunións.

A aprobación do Plan Local da Infancia e Adolescencia, que se achega como anexo, por parte do Pleno municipal, ademais de valorarse positivamente na candidatura, é un paso necesario no proceso como apoio a un proxecto colectivo.

Por todo o exposto,

A Alcaldía proponlle ao Concello Pleno

Aprobar o Plan Local da Infancia e Adolescencia do Concello de Moeche.

Non obstante, o Pleno resolverá o que estime máis oportuno.

A Corporación Municipal, cos votos favorables dos dous concelleiros asistentes do Partido Popular e os cinco dos concelleiros do BNG, acorda por unanimidade, aprobar a proposta presentada pola Alcaldía.

## **5.- Declaración institucional con motivo do Día do Orgullo**

Polo Grupo Municipal do BNG presentase a seguinte moción:

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI, 28 de xuño de 2018.**

“Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos”. Estas palabras corresponden á redacción do artigo primeiro da Declaración Universal de Dereitos Humanos e é o incuestionable fundamento que rexe o traballo das Corporacións Locais españolas, entidades lexítimas e garantas da defensa e protección dos dereitos e deberes de todas as persoas que viven nos nosos territorios. Cando se cumpren 70 anos da aprobación do documento declarativo aprobado pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas, 65 anos desde a aprobación do Convenio para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais e 39, desde a súa ratificación por España, a FEMP adhirese, un ano máis, á conmemoración do Día Internacional do Orgullo LGTBI como parte do seu compromiso coa igualdade de trato e de oportunidades como un principio fundamental e unha tarefa prioritaria para as Administracións locais. O 28 de xuño, en recordo aos disturbios de Stonewall (Nova York), celebramos o recoñecemento formal dos dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais fundamentado en valores universais e democráticos como a igualdade, o respecto, a diversidade e a liberdade e, ao mesmo tempo, lamentamos que este paso non se produciu a nivel mundial, nin de xeito pleno. Lamentamos tamén que en moitos casos o recoñecemento dos seus dereitos non pase de ser un recoñecemento formal, que por desgraza en ocasións non é suficiente garantía para estas persoas de que os seus dereitos sexan efectivamente respectados. Recoñecemos as moitas medidas que desde diferentes ámbitos véñense levando a cabo para apoiar ás vítimas e para modificar actitudes e nos solidarizamos con todas as persoas que sufriron mostras de intolerancia, discriminación e violencia. As Corporacións locais españolas seguimos comprometidas co desenvolvemento e implementación de políticas e servizos públicos velando por unha garantía de igualdade efectiva con independencia da súa orientación sexual e identidade de xénero, como elemento esencial para a convivencia, o progreso e o desenvolvemento social e económico sostible. Somos, as entidades locais, a porta de entrada e primeiro termómetro das necesidades

da cidadanía e salvagarda da convivencia cidadá e non discriminación de todas as persoas, con independencia da súa raza, sexo, idade, procedencia e condición sexual, representamos un dos tres alicerces fundamentais sobre os que descansa a estrutura do noso Estado e contribuímos, de forma inequívoca, ao estado de benestar Concellos, Deputacións, Cabildos e Consells Insulares reclamamos o noso papel como axentes esenciais no deseño e o desenvolvemento de políticas transversais e estratéxicas que garantan a igualdade de trato, en dignidade e en dereitos. Por todo iso, o Concello de Moeche, xunto con diferentes Gobernos Locais reunidos na FEGAMP e na FEMP:

Invitamos a todas as Entidades Locais dherirse a esta Declaración e sumámonos a todas as voces que claman por un futuro en igualdade de todas as persoas á marxe da súa identidade sexual e/ou de xénero e da súa orientación sexual.

Reafirmamos o noso compromiso cos dereitos humanos e, en consecuencia, coa diversidade sexual, así como da non discriminación das persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero, recoñecendo os avances neste marco, á vez que reiteramos a nosa firme determinación de avanzar na superación das barreiras que aínda perviven hoxe en día.

Reclamamos o recoñecemento ao alto grado de compromiso asumido na organización e prestación de servizos esenciais e aos cambios e innovacións, novos enfoques e metodoloxías que continuamos incorporando para asegurar a excelencia, dispoñibilidade e calidade que a cidadanía demanda e require.

Constatamos a necesidade de investir en políticas a favor da diversidade sexual e a non discriminación das persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero a través do desenvolvemento de programas e proxectos de atención, información, formación, sensibilización e concienciación que fagan das nosas cidades e pobos espazos seguros para a diversidade sexual en todas as súas manifestacións

Condenamos calquera tipo de agresión, incluíndo tanto a violencia física como a verbal, a humillación e o menosprezo cara a persoas LGTBI no noso país e comprometémonos a continuar traballando na información e formación da Policía Local.

Afirmamos que non son posibles as políticas de igualdade sen os Concellos. Por ese motivo, reivindicamos a necesidade de dotar ás Entidades Locais das competencias nesta materia así como de suficientes medios e recursos para, en colaboración co Goberno e as CCAA, asegurar a implementación adecuada de todas as políticas e iniciativas necesarias para garantir a igualdade efectiva das persoas en todos os nosos concellos e cidades. Xuño 2018

Sometida á consideración da Corporación, resulta aprobada por unanimidade dos asistentes cos votos favorables dos dous concelleiros do Partido Popular e os cinco concelleiros do BNG,.

## **6.- Actividade de control dos órganos de goberno.**

Aberta a quenda de rogos e preguntas fórmulanse as seguintes

**Sra. Luaces Antón.-** Nós so temos un par de preguntas, a primeira é sobre a acollida dos inmigrantes do Aquarius, polo ofrecemento que fixo este concello, non o cuestionamos, soamente

preguntar si as condicións, garantías, infraestruturas que se poden ofrecer desde o concello, de que medios dispoñemos, se temos, por exemplo, inmobles propiedade do Concello para a súa acollida, ademais do seu aloxamento, atención social, atención médica. ¿Pode o Concello cubrir todos estes obxectivos?

**Sra. Bascoy Maceiras.-** Pode, porque non é o Concello solo, se pregunta na Consellería de Benestar Social, que é quen se puxo en contacto con nosoutros, os concellos o que ofrecen é un espazo. Contamos coa colaboración de catro veciños que chamaron para axudar, tanto con material como con outros medios e a Xunta, as Comunidades Autónomas teñen a competencia e a obriga de poñer os recursos de apoio psicolóxico, educativo, sanitarios, eso nunca é unha competencia municipal e, de todas formas, este Concello ten un colexio de carácter gratuíto con comedor, ten un centro de saúde con un servizo médico de enfermería e pediátrico, ten parques infantís, que é unha das cousas que piden, e ten un inmovle, a parte dos que ofreceu algún veciño, que simplemente hai que adaptalo e para eso xa ofreceron os veciños mobles.

Supoño que o inmovle o coñecedes porque xa hai moitos anos que o hai, entón non cabe maior explicación e desde o Concello de Moeche non tiñamos a menor dubida de que se había que ofrecer, dentro das nosas posibilidades, somos un concello con 1.250 habitantes, non somos o Concello da Coruña, Santiago, Pontevedra e moito menos o de Madrid, non somos a Xunta de Galicia pero creo que o que debemos de facer e o que se fai nestes casos é achegar os recursos cos que contamos e en función diso mandan un, dous ou unha familia, e dicir, depende dos recursos que nós temos, así mandan, entón nós o que facemos é ofrecernos co que temos e en función diso é o estado e a Xunta que decide si mandan alguén ou non. Neste caso creo que ademais tódolos partido estamos de acordo. Creo que o presidente Feijoo se desmarcou da liña oficial do Partido Popular ofrecendo a Galicia como comunidade autónoma de acollemento e, teño que dicir que para min, como alcaldesa deste concello, é un orgullo que na prensa saíse o presidente Feijoo falando e o conselleiro Rey Varela e o único alcalde, neste caso alcaldesa, foi a alcaldesa de Moeche, creo que é bo para Moeche e imos facer o que poidamos, non sei nin siquera si nos van a mandar a alguén pero, solo hai que poñerse no sitio deles.

**Sra. Luaces Antón.-** De poder ofrecer unhas garantías.

**Sra. Bascoy Maceiras.-** Garantías temos porque a comunidade autónoma ten a obriga de dar todo ese tipo de servizos, sei que pode haber algún temor hacia o gasto que poda supoñer pero non é ningún gasto, e aquí houbo gastos superfluos gravísimos, por citar un, aquí se pagaban 1.800 euros nun abono de fútbol ao Sr. Alcalde e, polo tanto, ter aquí uns inmigrantes non vai chegar a esa cantidade nin de lonxe e, bueno, a ver o que decide a comunidade autónoma e o goberno do estado, somos un concello moi pequeno, xa nos ofreceron no 2015, cando a Xunta de Galicia lle solicitou aos concellos que axudásemos no drama dos refuxiados.

**Sra. Luaces Antón.-** Despois temos outra pregunta, para rematar, que é sobre o mantemento eléctrico. Creo que nunha das xuntas de goberno dos últimos meses saleu a concurso e optaron tres empresas, a nós chámanos bastante a atención que xustamente dúas das tres incluíron a mesma cantidade, hasta os céntimos, e que a empresa adxudicada sea, por decilo dalgunha maneira, de recente creación.

**Sra. Bascoy Maceiras.-** Invitamos, fíxose un procedemento negociado sen publicidade, como se levaba facendo hai anos, que o permite a Lei de contratos e se lle pediu presuposto a tres



empresas, algunha delas xa se lle pediu noutras ocasións. Non se lle pediu á que está actualmente porque pechou. Pediu-se a empresas que se consideraban de garantía. Non sei agora mesmo si coincide con centimos pero supoño que darían o prezo de licitación que ofrecemos, non creo que deran máis arriba nen máis abaixo, si coinciden cos centimos sería moita casualidade que se puxeran de acordo. Evidentemente non está nas nosas mans iso, nos pedimos tres convites, si se poñen de acordo ou non... Ofertaron polo tipo, de todas formas non iba solo nos cartos, iba tamén no prezario, e dicir, hai unha listaxe de prezos que eles teñen que adecuar, ahí sei que non recordo de memoria, porque son centos de prezos os que aparecen e non sei agora mesmo a baixa, de todas formas, por si dá lugar a sospeita, fixéronse tres invitacións, o que arreglen entre eles ... Non temos ningún informe en contra legal, e dicir, debe estar todo ben feiro e legal.

Vouche ler un informe que si hai, de hai uns anos, non moitos, do 2014, donde se presentan tres empresas, tamén para facer unha obra, exactamente a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra "camiño da Albariza-Casanova" e o informe da arquitecta técnica municipal, unha funcionaria, non un arquitecto técnico externo, dí: "A documentación contida no sobre B, presentado por Villasuso Ortegal SL, non se corresponde coa obra licitada", ou sea, nin siquera presentaron a documentación para a obra que era.

"A documentación contida nos sobres B, referencias técnicas, presentada polos licitadores Terra Mediambiente e Maren Servicios de Enxeñería, presentan tal grao de similitude que algúns parágrafos coinciden literalmente, palabra por palabra en ambas documentacións, cos mesmos erros".

Postos a ver cousas raras... É 2014, no 2014 sabes quen gobernaba, non?

**Sra. Luaces Antón.**- Estaba Jorge, Aquilino...

**Sr. González Aneiros.**- Hai cousas raras en todos lados, tanto antes como despois.

**Sra. Bascoy Maceiras.**- Este é un informe oficial, non o fixen eu.

**Sra. Luaces Antón.**- Imaxínome que agora, co cambio de licitación tamén se reducirán os tempos de reparación das avarias das luces públicas, por exemplo.

**Sra. Bascoy Maceiras.**- Pois haberá que falar coa nova empresa, ata agora se lle collían os xoves os avisos, era o sistema que había e, durante ese tempo amañábanse.

**Sra. Luaces Antón.**- Hai queixas de que había xente que esperaba bastante.

**Sra. Bascoy Maceiras.**- Pois xa lle preguntaremos á empresa saínte a que se debían esas demoras.

**Sra. Luaces Antón.**- Temos entendido que deron queixas directamente aquí no Concello.

**Sra. Bascoy Maceiras.**- Deron queixas en algún caso en concreto, por exemplo, aquí en San Xoan, amañoouse e viñeron dar a queixa porque estaban fora e cando volveron volvía a estar estropeada, pero si se fora amañar.

**Sra. Luaces Antón.**- En algún caso non se amañou.

**Sra. Bascoy Maceiras.**- Si home, algún caso máis que seguramente que algunha que lle queda pero xa llo trasladaremos á empresa saínte a ver que aconteceu.

¿Algo máis?

**Sra. Couce Rego.**- Quixera que se dese conta ao Pleno dun informe que se presentou neste Concello polo Banco Santander en outubro do ano pasado.

**Sra. Bascoy Maceiras.**- En outubro do ano pasado, o Banco Santander é certo que meteu un informe neste Concello por rexistro, porque o Concello ten dúas contas, unha que se mira practicamente tódolos días, unha conta bancaria que ten moito movemento, e outra que se fai o cotexo unha vez ao mes, normalmente o 25 de cada mes, porque esta outra conta é na que, estaría así de vello, practicamente non hai ningún gasto, só ingresos. Non se sacan cartos, só se fan transferencias para pagos grandes na conta de uso diario.

No pasado mes de setembro, cando se vai facer, o 25 de setembro, o cotexo, a sorpresa é que hai dúas retiradas en efectivo, que están prohibidas por lei, da conta do Concello no Banco Santnader. Unha retirada era dun importe considerable, de 4.800 euros en caixa e outra retirada era de 750 euros uns días despois.

Comprobamos, reclamámoslle ao banco, preguntamos, en principio non daban moitas explicacións. Ese mesmo día, pola mañán, a secretaria estaba de vacacións, só tres persoas poden retirar cartos no concello, non poden retirar en efectivo pero poden firmar unha transferencia, que son, neste caso a alcaldesa, a tesoreira e a secretaria e sempre coa firma de dúas persoas.

Ante iso pedimos un informe ao Banco Santander e esiximos a devolución inmediata, ese mesmo día, dos cartos. Efectivamente o Banco Santander emitiu un informe, pideu disculpas, nós comprobamos por si había un erro, pero non, nós tiñamos dado de baixa ao anterior alcalde, tomamos posesión o sábado 13 e o luns 15, cando nos incorporamos, démolo de baixa e estamos dados de alta a alcaldesa, a secretaria e a tesoreira e necesítanse dúas firmas. Ningunha persoa pode retirar cartos en efectivo.

A nosa sorpresa foi que o anterior alcalde, D. Xulio Cribeiro García, retirara, o 28 de agosto de 2017, 4.800 euros do saldo da conta e, uns días despois, o 5 de setembro, dispuxo mediante efectivo, de 750 euros da conta corrente deste mesmo banco, entón pedimos o informe e isto é o que nos conta. O banco pide disculpas e dí que foi un erro informático, que a persoa que foi retirar indica que é o anterior alcalde, dixo da que estou autorizado e retirou os cartos.

Transcorre un mes desde o 28 de agosto practicamente e o 5 de setembro que fai o segundo retiro e, o 25 de setembro é cando nos damos conta, esiximos a devolución inmediata, a devolución aínda se fai ao día seguinte e restitúe integramente a cantidade disposta

Parécenos un feito extremadamente grave, porque si non nos chegamos a dar conta non sei cando se nos devolverían os cartos. Non denunciámos ao banco porque se restituiron os cartos, pero nos parece grave que as persoas non se dean conta destas cantidades cando se retira e temos os informes, está o expediente ahí do Banco Santander asumindo pola súa parte a responsabilidade.

**Sra. Luaces Antón.**- ¿Non se van tomar máis medidas legais?

**Sra. Bascoy Maceiras.**- Non se poden tomar máis medidas legais porque ao día seguinte de exilio se reintegrou, non roubaron, colleron cartos e asúmeo o banco. O banco é quen asume, non quen o fixo. De todas formas, podemos, a proposta vosa, facer unha consulta.

**Sra. Luaces Antón.**- A cousa non está ben feita pero por parte do banco tampouco.

**Sra. Bascoy Maceiras.**- O banco é quen dá as explicacións pero quen fixo a cousa é o teu portavoz, en todo caso, vós falaredes con él porque a nós non nos deu explicación de ningún tipo. Falade con él, él foi alcalde e é o portavoz do Partiodo Popular en Moeche.

**Sra. Luaces Antón.-** Ainda así, si se necesita a firma de dous dos tres titulares e él non é ningún dos tres...

**Sra. Bascoy Maceiras.-** O banco asume que hai un erro informático no que él nos arquivou deles aparecía, nosoutros non o entendemos, consultamos e os servizos xurídicos dinnos que con esta cantidade, no momento que se devolveu, que o que vamos facer é perder cartos denunciando e o banco pideu disculpas por activa e por pasiva.

Isto xa o digo a nivel persoal, o que me parece increíble é que alguén vaia a retirar 4.800 euros unha vez, repita 750 e non se dea conta de que non saen da súa conta. Bueno, claro, pero ao mellor non teño tantos cartos, a min si me quitan esas cantidades da conta notoo, se as quito e seguen figurando si que o noto.

O caso é que nos demos conta e o Sr. Cribeiro repuxo os cartos ao día seguinte.

Eu quería facer, xa sei que non é o habitual, o normal é que pregunten os grupos ao goberno, quería indicar que o Concello de Moeche, antes que tivera lugar a carreira popular denunciou ao Seprona uns verquidos antes de que foran anunciados na prensa e non nos autorizou a retiralos ata esta semana pasada, e decir, pasada a carreira popular. Agora estamos autorizados a retiralos, sabemos de donde veu ese saco, sabemos quen é o construtor e está en investigación a ver quen o puxo porque xa hai unha liña bastante aproximada. Non se poden retirar os voluminosos, os verquidos, primeiro nunha finca privada e, se está nunha vía pública, non se debe sin unha previa denuncia ao Seprona e sen que o Seprona veña por aquí. A carreira foi o sábado e a notificación chegou á semana seguinte.

Eso por un lado, respecto ao Seprona, e xa aproveito tamén para decirlle que temos baches en Moeche sin ir a buscar os dun concello alleo.

E, non habendo mais asuntos a tratar, ás vinte horas e corenta minutos, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario accidental, dou fe.

O secretario accidental, Antonio García Méndez

A alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras